



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Literatura Española	Código	613G03011	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	Anual	Segundo	Obrigatoria	9
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es	
Profesorado	Pena Sueiro, Nieves	Correo electrónico	nieves.pena.sueiro@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Introdución á Historia da Literatura Española a través dos seus principais autores e obras.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Adquirir capacidades e sentido crítico para o estudo e a análise literaria de textos españois.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
		B3	C3
Coñecer os principais autores e obras da Literatura española e valorar criticamente as súas producións.	A1	B1	C1
	A2	B2	C2
		B3	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Idade Media	1.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura medievais. 1.2. Análise e comentarios de lírica tradicional. 1.3. Análise e comentarios de las Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique. 1.4. Análise e comentarios de La Celestina.
2. Século XVI	2.1. Introdución: sociedade, cultura e literatura no Renacemento. 2.2. Análise e comentarios de Garcilaso de la Vega 2.3. Análise e comentarios de Lazarillo de Tormes.



3. Século XVII	<p>3.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura no Barroco</p> <p>3.2. Análise e comentarios de El Quijote.</p> <p>3.3. Análise e comentarios de lírica do XVII.</p> <p>3.4. A comedia áurea en El caballero de Olmedo, de Lope de Vega.</p>
4. Da Ilustración ao Realismo-Naturalismo	<p>4.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura nos séculos XVIII e XIX.</p> <p>4.2. Movementos, autores e xéneros.</p> <p>4.3. Análise e comentario de El sí de las niñas, de Moratín.</p> <p>4.4. Análise e comentario de Espronceda, Bécquer e Rosalía de Castro.</p> <p>4.5. Análise e comentario de obras do Realismo. Contos de Pardo Bazán.</p>
5. Do Modernismo ás vangardas e o 27	<p>5. 1. Introducción: sociedade, cultura e literatura.</p> <p>5. 2. Movementos, autores e xéneros.</p> <p>5.3. Análise e comentario de prosa e lírica modernista (selección).</p> <p>5.4. Análise e comentario de poesía das vangardas e 27 (selección).</p> <p>5.5. Análise e comentario de teatro. Luces de Bohemia, de Valle-Inclán.</p>
6. Poesía e novela desde 1939	<p>6.1. Introducción: sociedade, cultura e literatura.</p> <p>6.2. Novela: Nada, de Carmen Laforet.</p> <p>6.3. Selección de poesía actual.</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B2 B3 C1 C2 C3	45	3	48
Discusión dirixida	A1 A2 B1 B2 B3 C1 C2 C3	45	3	48
Lecturas	A1 A2 B1 B2 B3 C1 C2 C3	0	80	80
Proba obxectiva	A1 A2 B1 B2 B3 C1 C2 C3	4	40	44
Atención personalizada		5	0	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns e terán carácter teórico e expositivo. No formato de grupo reducido tense como obxectivo favorecer a participación activa do alumnado, que computa igualmente para a cualificación final.
Discusión dirixida	Nas aulas en grupo reducido desenvolveranse comentarios guiados sobre textos das lecturas. Á final de cuadrimestre avaliaranse, mediante proba escrita e controis, a destreza adquirida nestes comentarios e as lecturas realizadas.
Lecturas	En todas as aulas traballarase sobre textos de lectura obrigatoria, indicados na presente guía docente ou en Moodle. Cómpre facer as lecturas antes da explicación do tema, para o seu correcto aproveitamento.
Proba obxectiva	Unha proba escrita (exame) na data oficial asignada no mes de xuño, con nova convocatoria de segunda oportunidade en xullo. Nestas probas, o alumnado deberá amosar o seu dominio dos contidos e destrezas traballados nas sesión maxistrais e tamén nos grupos reducidos e seminarios.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral Discusión dirixida Proba obxectiva	A atención personalizada de carácter presencial darase durante o horario oficial de titorías ou, no seu caso, a través da plataforma Moodle ou por correo electrónico.



## Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	A1 A2 B1 B2 B3 C1 C2 C3	Realizarase un exercicio combinado de comentario de texto literario e de control de lectura. Trátase de dúas probas (25% + 25%), en horario lectivo e á final de cada período (decembro e maio).	50
Proba obxectiva	A1 A2 B1 B2 B3 C1 C2 C3	Nas datas oficiais realizaranse as probas obxectivas (exames) pertinentes.	50

## Observacións avaliación



As anteriores porcentaxes son orientativas.

Para completar a información, cómpre ter en conta o seguinte:

1. O 50% da cualificación final obterase polas probas escritas (exames) en convocatorias oficiais de primeira e de segunda oportunidade. Para aprobalas, e para aprobar a materia, deberase obter nelas un mínimo de 4 sobre 10. Por exemplo, un 3 no exame non é posible compensalo cun 7 polas actividades.
2. Con independencia do anterior, haberá un exame opcional en xaneiro que permitirá liberar contidos da primeira parte da materia. Volver a presentarse a esta parte nas convocatorias de maio e de xullo significa que a segunda cualificación, sexa esta cal sexa, prevalece sobre a primeira.
3. O 50 % restante obterase mediante a realización de dúas actividades durante o curso. Trátase de dúas probas (25% + 25%), en horario lectivo e á final de cada período (decembro e maio), que consistirán nun exercicio combinado de comentario de texto e de control de lectura.
4. Non computa para a nota a asistencia ás aulas, porén, dado o carácter interactivo e o peso dos comentarios no curso, parece indispensable a asistencia.
5. Para obter cualificación é indispensable presentarse ás convocatorias oficiais, tanto en primeira como en segunda oportunidade.
6. Toda avaliación positiva de calquera das partes será gardada para a cualificación da seguinte oportunidade, dentro do mesmo curso. No caso das actividades, contará a media entre as de decembro e maio, e a única recuperación delas será en xullo.
7. A convocatoria adiantada de decembro consistirá na realización dunha proba escrita (50% da cualificación) e dunha proba específica sobre comentario e lecturas (50% da cualificación). Esta última pode ser oral.
8. O alumnado con dispensa académica recoñecida deberá comunicar a súa situación por escrito a [nieves.pena.sueiro@udc.es](mailto:nieves.pena.sueiro@udc.es), co asunto: "Dispensa de asistencia 2023-2024", en canto comece o curso ou sexa efectiva a matrícula.
9. O punto anterior é de aplicación tamén ao alumnado con problemas xustificados para a asistencia regular ás aulas.
10. As probas escritas e as actividades deberán cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística en español, lingua regulamentaria do curso: acentuación, ortografía, precisión léxica, ausencia de abreviaturas, rexistro formal, etc. A penalización por faltas graves na escrita será de medio punto en cada caso. Para estudantes de lingua estranxeira, será indispensable un dominio razoable da lingua española, tanto en expresión oral como escrita.
11. Calquera forma de plaxio, como a cita de traballos alleos sen a marca de tal ou sen a referencia correspondente, suporá o suspenso para a proba ou traballo. O mesmo aplicarase a calquera forma de copia indebida nas probas ou exames. O control farase mediante o programa de detección de plaxios Turnitin, autorizado pola Xunta de Facultade.
12. Forma parte das obrigas do alumnado estar ao corrente do curso e das actividades mediante a consulta periódica da

plataforma Campus virtual.

13. A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán dirixirse aos servizos dispoñíbeis na UDC, nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico: Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>) ou coa titora ADI da Facultade de Filoloxía ([pat.filoloxia@udc.gal](mailto:pat.filoloxia@udc.gal)).

14. Lémbrese que os dereitos e deberes do alumnado da UDC están recollidos no Estatuto do Estudiantado, na web institucional:

<https://www.udc.es/estatuto> O resto de normativa pode consultarse en:

<https://www.udc.es/gl/normativa/estudantes/>



Fontes de información

<p><b>Bibliografía básica</b></p>	<p>Lecturas obrigatorias .PRIMEIRA PARTEIdade Media 1. Selección de textos de lírica tradicional (pdf en Campus virtual).2. Coplas a la muerte de su padre, de Jorge Manrique (pdf en Campus virtual).3. Fernando de Rojas, La Celestina, ed. de F. J. Lobera, G. Serés e outros. Madrid: Real Academia Española, 2011.??Edición alternativa: P. E. Russell, ed. Madrid: Castalia, 1991.??Edición alternativa: D. S. Severin, ed. Madrid: Cátedra, 1992. Século XVI 3. Selección de textos de Garcilaso de la Vega (pdf en Campus virtual).4. Lazarillo de Tormes, ed. Francisco Rico. Madrid: Real Academia Española, 2011.--Edición alternativa: F. Rico. Madrid: Cátedra, 2006.--Edición alternativa: A. Blecua, ed. Madrid: Castalia, 1974.--Edición alternativa: A. Ruffinato, ed. Madrid: Castalia, 2001.--Edición en liña: Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, 2004: <a href="http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc542k8">http://www.cervantesvirtual.com/nd/ark:/59851/bmc542k8</a> Século XVII 4. Miguel de Cervantes, capítulos 23 a 27 da Primeira parte de Don Quijote de la Mancha, edición en liña do Instituto Cervantes (Centro Virtual Cervantes), dirixida por Francisco Rico: &amp;lt; <a href="http://cvc.cervantes.es/literatura/clasicos/quijote/">http://cvc.cervantes.es/literatura/clasicos/quijote/</a> &amp;gt; (consultado a 09/07/2019).??Edición alternativa, en papel. Barcelona: Instituto Cervantes, Galaxia Gutenberg (Círculo de Lectores) e Centro para la Edición de los Clásicos Españoles, 2004 (2 vols.).5. Selección de textos líricos do XVII (pdf en Campus virtual).6. Lope de Vega, El caballero de Olmedo, ed. Francisco Rico, 12ª ed. Madrid: Cátedra, 2004.??Edición alternativa, electrónica, por Ignacio Arellano, Universidad de Navarra (2013), descargable en pdf a través de Campus virtual..SEGUNDA PARTESéculo XVIII7. Fernández de Moratín, Leandro, El sí de las niñas. Barcelona, Crítica, 1994.Século XIX8. Pardo Bazán, Emilia, Cuentos, selección en pdf facilitada en Campus Virtual. 9. Selección de Espronceda, Bécquer y Rosalía de Castro (pdf en Campus Virtual). Século XX-XXI10. Selección de poemas de vangarda e 27, en Campus virtual. 11. Valle Inclán, Ramón del. Luces de Bohemia, ed. J. M. Paz Gago. Madrid: Pigmalion, 2020. 12. Laforet, Carmen. Nada, ed. de José Teruel. Madrid:Cátedra, 2020.13. Selección de textos de poesía actual en Campus virtual.</p>
<p><b>Bibliografía complementaria</b></p>	<p>Lecturas recomendadasManuais Alberich, J. et al., dir., Historia de la Literatura Española, Madrid: Cátedra, 1990.Alvar, C., J. C. Mainer y R. Navarro Durán, Breve historia de la literatura española, Madrid: Alianza Editorial, 1997.Mainer, J. C. dir., Historia de la literatura española, Barcelona: Crítica, 2010. 9 vols.Rico, F. dir., Historia y crítica de la literatura española, Barcelona: Crítica, 1983-.Rodríguez Cacho, L., Manual de historia de la literatura española, Madrid: Castalia, 2009. Estudios Aguilar Piñal, F., Introducción al siglo XVIII, Madrid: Júcar, 1991.Bataillon, Marcel, Erasmo y España: estudios sobre la historia espiritual del siglo XVI, trad. de Antonio Alatorre, Madrid: Fondo de Cultura Económica, 1995. [2ª ed., 5ª reimp.]Curtius, Ernst, Literatura europea y Edad Media Latina, México: FCE, varias eds.García de la Concha, V., ed., El Surrealismo, Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1982. Gies, David, ed., El romanticismo, Madrid: Taurus, 1989. Guillén, Claudio, El primer Siglo de Oro: estudios sobre géneros y métodos, Barcelona: Crítica,1988. Lewis, C.S., La imagen del mundo: introducción a la literatura medieval y renacentista, Barcelona: Península, 1997. Lissorgues, Y., M. Palenque Francisca Soria, ?Del Realismo al Fin de Siglo. Sociedad y arte literario?, en V. García de la Concha, dir., y F. Romero Tobar, coord., Historia de la literatura española. Siglo XIX, Madrid: Espasa-Calpe, 1998, pp. 1-90.Litvak, L., ed., El Modernismo, Madrid: Taurus (El escritor y la crítica), 1975.López Bueno, B., coord., La Renovación Poética del Renacimiento al Barroco, Madrid: Síntesis, 2006.Mainer, J. C., La Edad de Plata (1902-1939), Madrid: Cátedra, 1983.Mainer, J. C., De posguerra (1951-1990), Barcelona: Crítica, 1994.Riley, Edward C., Cervantes? Theory of the Novel, Oxford: Clarendon Press, 1962, traducido como Teoría de la novela en Cervantes, Madrid: Taurus, 1966. Romero Tobar, L., Panorama crítico del Romanticismo español, Madrid: Castalia, 1994.Ruiz Pérez, P., Manual de literatura española de los siglos de oro, Madrid: Castalia, 2000.Strosetzki, Christoph, ed., Teatro español del Siglo de Oro: teoría y práctica, Frankfurt am Main: Vervuert, 1998. Yndurain, Domingo, Humanismo y Renacimiento en España, Madrid: Cátedra, 1994.</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua Española 1/613G01001

Introducción aos Estudos Literarios/613G01005

Lingua e Cultura Clásica/613G01006

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
----------------------------------

Observacións
--------------

&lt;p&gt;A asistencia regular ás aulas é indispensable. Calquera circunstancia que a dificulte deberá ser comunicada e consultada co profesorado ao inicio do curso.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;&lt;p&gt;Salvo indicación en contra, non se admitirán traballos por correo electrónico. O único soporte para a entrega será o papel.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;&lt;p&gt;As lecturas obrigatorias faranse nas edicións críticas recomendadas arriba ou, no seu caso, nas consultadas co profesorado.&lt;/p&gt;&lt;p&gt;&lt;p&gt;A guía docente é o documento público onde se visualiza a proposta académica da UDC e o marco regulamentario oficial destes estudos. Como tal, é o documento de referencia que obriga a docentes e a estudantes.&lt;/p&gt;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías